

Galicia: harmonía e consistencia

M^a Jesús Fernández


Como vén sendo unha constante nos últimos anos, a estabilidade e o equilibrio seguen caracterizando a produción literaria en Galicia para nenos e mozos.

Nesta liña, atopamos que os libros dirixidos a prelectores e primeiros lectores continúan sendo, o mesmo que en anos anteriores, os que rexistran maior volume de títulos editados, ainda ben que o grosor desta produción corresponde con traducións e adaptacións, e en menor medida con libros orixinais en galego.

Prelectores e primeros lectores

A editorial Galaxia ten sido a que fixo unha aposta máis decidida por editar libros orixinais para estes lectores, se ben moita da súa producción está constituída por reedicións de obras xa publicadas con anterioridade. É o caso da remocicada colección Tartaruga, unha pioneira no sector, que pon de novo no mercado primeiras obras dos autores Antonio García Teijeiro, Palmira Boulosa e David Otero, todas elas publicadas por primeira vez entre os anos 1985 e 1988.

Así mesmo, tamén a colección Árbore, de tapa dura, recupera varios títulos dos propios fondos da editorial, entre eles queremos salientar dúas obras que constitúen outros tantos fitos, tanto pola súa calidade como polo feito de ser libros fundacionais do que hoxe entendemos como moderna literatura infantil galega. Referímonos a *A galina azul*, de Carlos Casares, publicada por primeira vez no ano 1968 e xaun



XAN LÓPEZ DOMÍNGUEZ, VOCES NA LAGOA DO ESPANTALLO, GALAXIA, 2007.

clásico na actualidade, e a *Voces na lagoa do espantallo*, de Xan López Domínguez, o primeiro gran álbum ilustrado para nenos en Galicia, que no ano 1991 foi premiado cunha Placa na prestixiosa Bienal de Bratislava.

O resto dos libros editados nesta colección é bastante irregular, destacando o titulado *Marta ten a solución*, con texto de Ana M^a Fernández e ilustracións de Patricia Castelao, que mestura elementos da tradición (animais protagonistas e estrutura reiterativa), con outros más modernos como é unha reflexión sobre o valor intemporal da literatura que vai más alá das pequenas vidas individuais.

Os galegos, Miguel Vázquez Freire autor dos textos e Xosé Tomás, ilustrador, acaban de ver publicados dous libros seus: *O neno que tiña medo dos robots; o robot que tiña medo dos nenos* (Rodeira), é unha orixinal proposta con dúas historias parale-

las que poden ser lidas en dúas direccions e que pretende poñer en evidencia que moitos dos temores que suscitan «os outros» débense exclusivamente ao desconecemento e á propia ignorancia. O outro título destes autores, *Maria é maior* (Baía), presenta-nos unha meniña no seu proceso de crecemento, investigando aquelas cousas que xa é quen de facer ela soa ou con axuda.

Editados por Everest-Galicia temos tamén dous títulos orixinais: Ánxel Ferrer escribe e ilustra o álbum titulado *Aiko*. As tenras acuarelas desta autora complementan un emotivo texto protagonizado por unha familia. Na mesma editorial e tamén en formato álbum, os autores Ramón Caride e Patricia Castelao escriben e ilustran respectivamente o libro *Un coelliño na beiramar*, historia na que un coelliño amosa as súas sensacións cando por primeira vez coñece o medio mariño.

Un libro moi interesante é o escrito por Xerardo Quintiá e editado por OQO na súa Colección O. Referímonos a *Titiritesa*, un conto, nun principio, perfectamente clásico no que, despois de moitas vicisitudes, os protagonistas «son felices e comen perdes», pero no que se introducen dous elementos de absoluta modernidade: por un lado o humor paródico que acompaña a coñecida estrutura e, por outro lado, o feito de que os membros da feliz parella sexan dúas mozas que deciden casar unha coa outra. É salientable a naturalidade de coaque se lles presenta a os pequenos lectores o tema da homosexualidade, como tamén son moi notables as excelentes ilustracións de Maurizio A. C. Quarello.

Outro tema actual e delicado é o que aborda con sinxeleza e eficacia Xosé A. Neira Cruz no seu libro *Unha chea de familias* (Galaxia), coa axuda dos debuxos de



MARÍA É MAIOR

Miguel Vázquez Freire • Xose Tomás



B
BAÍA EDICIONES

Rodrigo Chao e nun álbum de gran formato. Un pai e a súa filla recorren distintas vivendas do edificio no que habitan para coñecer os veciños e comprobar a existencia de familias moi diversas, lonxe do estereotipo da tradicional fórmula patriarcal.

O Consorcio de Santiago de Compostela vén de colaborar con dúas editoriais para editar conjuntamente libros que teñen a cidade como protagonista. É o caso de *Sar, Sarela e os monstros de Compostela* (Kalandraka), de Paco López-Barxas e Kiko Dasilva, que propón acompañar a dous gatos no seu percorrido pola cidade fixándose de maneira especial nas numerosas gárgolas de pedra que forman parte de monumentos e edificios. E, da mesma maneira, tamén viaxan pola cidade de Santiago a nena Sara e o cabaliño máxico Branco de Cores, pero esta vez trátase dun recorrido gastronómico-cultural, no libro de Miguel Vila Pernas e Andrés Meixide, *Hora de comer* (Sotelo Blanco).

Dous autores veteranos, Agustín Fernández Paz e Manuel Uhía tamén se ocuparon dos pequenos. Agustín F. Paz amosa unha vez máis a súa capacidade para o humor e para suscitar a complicitade dos lectores no divertido conto *A pastelaría de dona Remedios* (Rodeira). E M. Uhía escribe e ilustra o conto *O autobús da selva* (Tambre), fábula protagonizada por animais que exhiben sentimientos e con-

dutas moi propios dos seres humanos.

A colección Merliño de Edicións Xerais non tivo esta temporda unha publicación destacada en álbuns orixinais para primeiros lectores e só sacaron dous novos e discretos títulos: *Bea*, de Iván Sande, e *Bertiño Rompetodo*, de Ramón Caride e Chus Ferrín.

No referente as adaptacións de relatos clásicos, dúas editoriais optaron por versionar o mesmo conto: OQO Editora publica *Tres osos*, adaptado por Marisa Núñez e ilustrado por Minako Chiba, e Kalandraka elixe o título *Os tres osos*, para a versión de Xosé Ballesteros que ilustra Miguel Tanco.

Calidade e variedade atopamos nas abundantes traducións para este grupo de idade, tanto na recuperación de álbuns clásicos como na primeira edición de autores novos pouco coñecidos ou doutros xa consagrados internacionalmente.

Entre as recuperacións citaremos as realizadas por Kalandraka da obra de Jan Lööf, *As aventuras da mazá vermella*, e os suxestivos álbuns de Josse Goffin titulados respectivamente *OH! Y AH!* e que, como os propios títulos indican, buscan suscitar a sorpresa e a participación.

Dada a imposibilidade de referirnos a todas as novedades da temporda, citaremos aquelas que nos pareceron más interesantes dentro de alto nivel xeral.



Entre a producción de OQO editora salientan catro fermosos álbums que nos chamaron a atención especialmente, tanto polo texto como pola calidade e orixinalidade das ilustracións: *A incréibel historia da nenapaxaro e o galopín*, de Anna Castagnoli e Susanne Janssen, apoiase nunhas ilustracións moi abraiantes, de gran forza expresiva, para contar unha historia que fala da necesidade de amor que todos temos. *Ollobrusco*, a historia do arriscado ratiñoe dos seus emprendedores amigos, volve a proporcionarnos o pracer das ilustracións de Maurizio Quarrello, que no seu impecable traballo permítese facerlle unha chiscadela a o lector avisado conviéndoo a a topar os referentes da súa creación artística (dende a pintura xaponesa ao pop-art e a os creadores da Bauhaus).

Outro gran álbum é o de José Campari e Jesús Cisneros titulado *E que podo facer eu?*, historia urbana protagonizada por un adulto, que trata da solidariedade que fai más fermeza a vida cotiá, e do que nos gustaron especialmente as delicadas e moi persoais ilustracións. Outros dous artistas españois, Javier Sobrino e Elena Odriozoloa, son os responsables do álbum *Un segredo do bosque*, no que, a través dos animais protagonistas, fálase do amor que pode vencer todas as diferenzas e que está por ribade todas as opiniós.

Da interesante producción da

editorial Kalandraka, tamén citaremos algúns títulos especialmente atractivos: la nova versión do clásico *A casiña de chocolate* que enriquece o coñecido texto dos irmáns Grimm coas espléndidas ilustracións de Pablo Auladell, que nesta ocasión volve a mosar o seu inconfundible estilo e a gran calidade do seu traballo; outro artista extraordinario é Christian Voltz, que unha vez máis sorpréndenos co libro *A caricia da bolboreta*, emocionante texto que trata delicadamente o tema da morte e se acompaña dunhas imaxes de gran forza que acadan o máximo de expresividade recorrendo a moi poucos elementos. En *A viaxe do bisavó*, Marta Farias y Aitana Carrasco contan unha historia circular e de mestizaxe, a peripécia dunha familia que empeza no outro lado do océano e continúa no noso país, deixando a porta aberta para retornar ás orixes. Queremos citar tamén un álbum que pode ir dirixido a nenos e a persoas adultas, trátase docoñecido texto *Discurso do oso*, de Julio Cortázar, do que fai unha excelente interpretación gráfica o debuxante Emilio Urberuaga.

Finalmente, un libro que nos ten gustado especialmente, tanto pola súa orixinal proposta narrativa como polo perfecto complemento que atopa nas ilustracións, é o álbum titulado *Só un segundo*, de Silvio Freytes e Flávio Morais, onde as imaxes e o relato encadean unhas secuen-



cias con outras para mostrar a gran riqueza e variedade de acontecementos que se viven subxectivamente nun brevíssimo lapso de tempo.

Da produción de Faktoría K de Libros, destacaremos o álbum *O abrigo misterioso*, escrito e ilustrado por Jeannette Jenning, no que uns rapaces descobren o segredo que garda o seu vello veciño, e que conta cunhas ilustracións que supoñen un pracer para a vista polos atrevidos encadres e polo tratamento da luz e das cores. Así mesmo, continúa esta editorial coa serie de álbuns dos que é autora Daniela Kulot e que están protagonizados pola singular parella formada por un crocodilo e unha xirafa, no último título, *Unha parella diferente*, vemos como este par de namorados vence todas as dificultades que se derivan das súas evidentes diferenzas. E non podemos deixar de mencionar o delicioso *Non é una caixa*, de Antonette Portis, que, con gran eficacia e economía de medios, ilustra sobre o valor do mellor de todos os xoguetes: a poderosa imaxinación.

Edicións Xerais de Galicia na súa colección Sopa de Contos tamén apostou por un clásico, David McKee, de quen recupera o

álbum *Negros e brancos*, fábula antibelicista protagonizada por elefantes e con ilustracións moi representativas da arte pop dos anos 70-80. Outro libro aparecido nesta colección é *Un barquín coma min*, de Thomas Docherty, con texto versificado e interesante tratamiento gráfico no que as ilustracións a dobre páxina van ocupando máis espazo a medida que o barquín conta as súas aventuras por todos os mares do mundo.

Libros para nenos e nenas entre 8 e 11 anos

Poesía, teatro e, sobre todo narrativa con temas moi diversos, encontramos nos libros que se editaron para lectores deste grupo de idade. Neles, contrariamente do que comentamos no tramo anterior, predominan os orixinais en galego.

Empezaremos citando dous libros que presentan unha certa similitude entre si, tanto polo tema que ambos abordan, como polo notable tratamento editorial recibido e tamén polo feito da brevidade dos textos e a imprescindible complementariedade das ilustracións. Ambos son enxeñosos bestiarios e, tanto nun caso

como no outro, queremos salientar a orixinalidade da idea: *Minimaladas*, escrito por Carlos López e ilustrado por David Pintor —os coñecidos Pinto & Chinto—, é o Premio Merlin 2007 de Xerais e consiste nunha colección de historias mínimas protagonizadas por singulares animais, como unha especie de fábulas sen ensinanza moral nas que predomina o humor. O outro bestiario é o titulado *Imaxina animais*, editado por Kalandraka, con textos de Xosé Ballesteros sobre suxestivas imaxes de Juan Vidaurre, estas son fotografías de obxectos de uso cotián que debidamente descontextualizados e situados sobre fondos apropiados, se transforman en fabulosos animais que terminan de cobrar autenticidade nos enxeñosos textos que os dotan de nome e de vida propios.

Os problemas da sociedade actual tamén teñen tratamento nos libros que se escriben para estes nenos e nenas. Así, Fina Casalderrey nos proporciona dúas historias nas que toca o tema dos malos tratos e da violencia de xénero: *Xela volvese vampira!!!*, de Baía Edicións dentro da colección Contos da Igualdade, realizada en colaboración co Servizo Galego da Igualdade da

Xunta de Galicia; e *Ola, estípido monstro peludo!* (Galaxia). En ambos é a voz infantil (dunha nena nun caso e dun non-nato no outro), a que, dende a súa inocencia e inxenuidade, pon en evidencia o problema e amosa as tremendas consecuencias que supón para quen o sofre.


Esta mesma autora no seu divertido libro *Gordiño recheo* (Xerme), ao que pon ilustracións Xan López Domínguez, dálle voz a un neno que debe perder uns cuantos quilos e non se dá mentalizado na necesidade de prescindir dalgunhas comidas que lle gustan especialmente.

O doloroso tema da explotación e do traballo infantil é tratado por María Reimóndez no libro *Lía e as zapatillas de deporte* (Xerais), un texto que, a noso xuízo, ten mellores intencións que calidade literaria.

Tres coñecidos autores teñen optado polos relatos breves, áinda que, iso si, as propostas de cada un deles son de características moi distintas: Xosé Miranda no seu libro *A nena pálida* (Tambre), presenta varios contos co tema común do medo; Miguel Vázquez Freire baixo o título de *Contos de Reis e de Nadal* (Xerais), recupera e actualiza o tema do Nadal para presentalo dende



MIGUEL TANCO, OS TRES OSO, KALANDRAKA, 2008.



JESÚS CISNEROS, E QUE PODO FACER EU, OQO, 2008.

un punto de vista diferente no que atopamos humor e tamén crítica social; finalmente, Antonio Reigosa reúne un conxunto de relatos breves e moi diversos no libro *O polimacho e outras criaturas* (Tambre), unidos pola notable calidade da linguaxe que utiliza este autor e pola rica imaxinación que desenvolve nos seus temas.

As aventuras continúan sendo o tema por excelencia para estes lectores e todos os anos atopamos autores interesados en facer aquí a súa persoal achega. É o caso de Isabel Freire co seu novo traballo *Sopa de marsopa* (Xerais), para o que ten creado o personaxe do detective Bilbo Bons e no que fundamentalmente utiliza a clave do humor e da parodia. Aventuras tamén, esta vez cun claro referente os grandes títulos da literatura universal, no relato de X. H. Rivadulla Corcón, *Os piratas da illa da Esperanza* (Xerais), relato protagonizado por un adulto e cinco rapaces no que se salienta o valor da amizade e tócase o delicado tema da enfermidade e a morte.

A tradición oral-popular está representada nun relato adaptado a partir dun conto tradicional bereber: *Zalgum* (OQO), escrito por Luisa Morandeira e ilustrado

por Bernardo Carvalho, é unha historia que, baixo a forma típica dos relatos marabillosos, trata o duro tema do incesto pero que, como é norma nesta clase de historias, nel a xustiza prevalece e o final feliz está garantido.

Moi notable a producción de poesía. Este ano 2008 o Día das Letras Galegas dedicóuselle a o poeta Xosé María Álvarez Blázquez, e con este motivo varias editoriais reeditaron afermosa obra que este autor dirixiu aos nenos. É o caso de Xerais que reedita *Roseira do teu mencer*, con novas ilustracións de Manuel Uhía e unha extensa biografía do autor a cargo de Darío Xohán Cabana. E tamén OQO editora fixo unha coidada edición co título *O que ben che quer*, que recolle parte deste coñecido poemario e outras composicións inéditas e que ademais conta co atractivo das ilustracións realizadas por Berta Cáccamo, filla do autor homenaxeado.

Pero tamén houbo novas e interesantes achegas neste xénero. A veterana Ana María Fernández, volve co seu persoal estilo, moi lírico e musical con temas relacionados coanatureza, no poemario titulado *Poemas que me cantou o grilo* (Tambre). Outro coñecido poe-




ta, Antonio García Teijeiro, retoma tema y obxecto poético e de novo fai alúa protagonista das súas composicións no libro *Á sombra do lueiro de papel*, que ilustra Manuel Uhía e que aparece na nova colección de Everest-Galicia, Ler é Vivir.

Dous novos autores enriquecen cos seus traballos o panorama da lírica infantil en galego: Daniel Ameixeiro publica o seu primeiro poemario para nenos, *Piratas, bruxas e outros amigos* (Tambre), cunhas composicións moi lúdicas y desenfadadas, nunha liña que combina humor, fantasía e *nonsense*, e da quexa temos gozadonos seus libros de narrativa para os pequenos. E unha grata sorpresa é a que nos ten proporcionado Elvira Riveiro Tobío, que coa súa primeira obra para nenos, *Palabras blancas*, quedou finalista do Premio Merlin de Xerais. Neste libro a autora xoga coa linguaxe, homenaxeando outros poetas nos que ela atopa inspiración, como é o caso de Joan Brossa, e constrúe un fermoso poemario, rico en temática e variado en forma, no que utiliza a letra «a» como única vogal. Moi axeitadas son tamén as orixinais ilustracións de Fino Lorenzo.

No que se refire ó teatro, nes-

tes meses publicáronse dous textos que recibiron respectivos premios: *Game over*, editado por Xerais e o IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), é a peza coa que Carlos Losada gañou o premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil; nela faise unha crítica humorística do uso abusivo que algúns nenos fan das video-consolas e dos xogos informáticos. O Premio Estornela da Fundación Xosé Neira Vilas foi gañado na última edición por Antonio Cordero Álvarez coa peza teatral para nenos, *O filibusteiro do mar da Marola*, na que se mesturan realidade e fantasía e os personaxes do mundo de ficción cobran vida propia para implicarse na creación das súas particulares historias, o libro aparece editado por Edicións do Castro.

Cambiando de xénero, outro traballo premiado é o excelente álbum de Ramón Trigo *Eu vivía na fin do mundo* (Tambre), merecedor do Primeiro Premio do II Concurso Internacional de Álbum Ilustrado «Biblioteca Insular. Cabildo de Canarias». É una moi notable proposta gráfica que lle serve ao autor para contar, co apoio dun breve texto, a aventura interior de superar os medos e o oscurantismo para botarse a o



mar que agarda como unha promesa.

Polo que respecta as traducións para este grupo de idade, atopamos libros moi recomendables, como é o álbum *Galego á beira do mar* (Kalandraka), que conta con dous excepcionais autores, Juan Farias polo texto e Xosé Cobas polas ilustracións. A historia de «O Rapaciño», un vello mariñeiro xa no final da súa vida, está contada coa precisión e riqueza expresiva que caracterizan o estilo de Farias e se enriquece coas delicadas ilustracións, de gran sutileza, que aparecen en todas as páxinas sobre fondo branco.

Fermoso tamén o álbum titulado *Olladas*, de Dieter Wiesmüller (Kalandraka), no que salientan as realistas ilustracións que propoñen un xogo de miradas: nas páxinas da esquerda vemos ampliado o ollo dun animal, e nas páxinas da dereita a imaxe amósanos a visión que ese animal pode ter dende a posición na que nos mira.

Outro álbum de interese, tamén editado por Kalandraka, é *Guernika*, obra de Heliane Bernard e Olivier Charpentier, que incidindo sobre o proceso que levou a Pablo Picasso a creación do seu famoso cadro, é tamén unha alegación antibelicista.

Interesantes traducións que tamén queremos salientar destacar, tanto polo texto en si como polas ilustracións, son: *Soidades* (OQO), de Neus Moscada y Chiara Fatti, un texto de contido poético no que unha nena reflexiona sobre os momentos e as circunstancias nos que goza estando soa. *Don Agapito o apesarado* (Kalandraka), con texto de Joel Franz Rosell e ilustracións de Federico Fernández, conta a historia dun señor xubilado que, no seu afán por sentirse útil, vai facéndose cargo de todas as culpas e preocupacións das que os seus veciños desexan evadirse. Finalmente, Pablo Prestifilippo é responsable de texto e ilustracións do libro *Instruccións para espertar a una cadeira durmida*, divertido manual que dá súxestións para espertar unha cadeira, coidala y convertela enmascota.

Moi escasos son os libros de coñecemento que se editan en galego para os nenos, por esta razón resultan nos moi recomendables os que saíron nestes últimos meses. En primeiro lugar, destacaremos o titulado *Bocas*, primeiro título da colección Animaís Extraordinarios de Faktoría K de Libros, obra dos galegos Xulio Gutiérrez e Nicolás Fernández. Cun ameno texto e unhas excelentes ilustracións, ván-

selle presentando ao lector diversos animais, cada uno doscales posúe unha boca singular, acorde con seu tipo de alimentación. Outros dous libros desta mesma editorial que constitúen interesantes propostas son: *Simios*, álbum de gran formato con texto de Martin Jenkins e ilustracións de Vicky White, que nos aproxima a catro grandes simios, o seu hábitat e os seus costumes, para acabar referíndose os humanos, como un quinto grupo con grandes semellanzas e tamén grandes diferenzas con respecto dos anteriores. *Todas as respuestas ás preguntas que nunca te fixecheis*, obra de Philippe Nessmann y Nathalie Choux, é un ameno libro presentado como un caderno que ofrece respuestas científicas a numerosas curiosidades do mundo que nos rodea.

Mozos lectores, entre 12 e 15 anos

Posiblemente entre os libros editados para este grupo de idade atopápanse os más interesantes dos publicados nos últimos meses.

Marcos S. Calveiro continúa perfilándose como a voz máis interesante entre as chegadas a literatura galega nos últimos

años. O seu novo libro para mozos, que foi Premio Ala Delta e titulase *O carteiro de Bagdad*, permítenos volver a gozar da súa forza narradora e da fermosa lingua que emprega, para a chegar-nos á intimidade dunha familia iraquí que ve alterada a súa rutina cotiá pola guerra que desbarata todo o que parecía firme e inalterable, e que precipita o fin da infancia.

E xunto a novas voces outras xa consagradas, como é o caso de Agustín Fernández Paz a quien debemos o texto dun fermoso libro, no que tamén gozamos da coidada edición e das estupendas imaxes que acompañan e que son obra de Pablo Auladell. *O único que queda é o amor* (Xerais), é un conxunto de relatos de distinta extensión co amor como tema común, un amor que nunca chega a realizarse na súa plenitude e que aquí se presenta de maneira nostálgica, formando parte dun pasado idealizado que se perdeu para sempre.

Unha escritora de éxito como é Teresa Moure, realiza a súa primeira incursión na literatura para mozos coa novela *A casa dos Lucarios* (Xerais), na que, mediante un relato moi ben construído, apoiado en personaxes de gran forza en unha coidada lingua que potencia eficazmente



IRENE FRA, OLA, ESTÚPIDO MONSTRO PELUDO, GALAXIA, 2007.

o rexistro coloquial, realiza-se un seguimento da vida dunha familia ao longo de sesenta anos e, paralelamente, amósanse os profundos cambios que foi experimentando en todo ese tempo a sociedade galega.

Moi interesante tamén a nova novela de An Alfaya para mozos, *Illa soidade* (Xerais) na que, a través dunha traballada estrutura narrativa que utiliza varias voces en primeira persoa, coa sensibilidade que caracteriza a esta autora e a súa predilección polos personaxes complexos, achegámonos a realidade dos excluídos sociais, los vagabundos sen teito que normalmente pasan desapercebidos ata que se converten nun problema.

O escritor Francisco Fernández Naval engade un novo título á súa serie protagonizada polo detective Suso Espada. Nesta ocasión, no libro *Istambul e o cabaliño de ouro* (Everest-Galicia), a acción desenvólvese en dous ambientes moi distintos: Istambul e a galega Costa da Morte, e asistimos a investigación e esclarecemento dun caso no que se mesturan antigas crenzas e supersticións coas maneras de actuar da delincuencia internacional.

Neste grupo tamén situamos a novela *Das novas cousas de Ramón Lamote* (Galaxia), na que

Paco Martín, 22 anos despois de ter gañado o Premio Nacional de Literatura Infantil, retoma o entrañable personaxe daquela historia, un referente xa na nosa literatura, este Ramón Lamote que continúa sendo un soñador idealista que se opón por contraste a unha sociedade egoísta e deshumanizada a que critica con ironía non exenta de tenrura.

Para os maiores do grupo, a colección Costa Oeste de Galaxia, editou varios títulos entre os que queremos salientar a novela *Frío, Frío*, de Óscar Calato, relato narrado polo seu protagonista, un mozo de dezaseis anos que conta as súas experiencias do último verán pasado coa súa familia nun camping. Dunha maneira lúcida, a veces irónica e mesmo un pouco cruel, cunha linguaxe que é un dos méritos da novela, os que o rodean, familia e amigos, no doloroso proceso de aprender a ser o que realmente se deseja.

Un punto de partida inicial semellante atopámolo na novela de Xavier López Rodríguez, *Cor gris vida* (Tambre). Nesta ocasión é unha moza de 15 anos quen rememora o verán pasado nun campamento de montaña en Sanabria. O autor, ademais de facer un bo retrato psicolóxico da rapaza protagonista,

nista, amósase interesado en concederlle protagonismo á singular e ameazada paisaxe que retrata.


Outros libros aparecidos estes últimos meses para o público xuvenil ofrecen un variado abano de temáticas: Concha Blanco na súa novela *Nano* (Everest-Galicia), trata o tema da homossexualidade e do difícil proceso de aceptación da mesma. Xavier Queipo conxuga elementos da narración oral coa tradición oriental para ofrecernos un conxunto de relatos no libro titulado *Saladina* (Galaxia), nome da rapaza receptora dos contos que narra o seu avó.

O terror sobrenatural que de maneira inquietante fai aflorar na pragmática vida moderna temores ancestrais relacionados con antigas crenzas, atopámolo no libro de Xosé Miranda, *Vestio* (Xerais). O pasado lendario con heroe protagonista que con valor e sacrificio salva o seu pobo, está presente este ano na obra de X.H. Rivadulla Corcón, *A balada de Roi Nemiña* (Planeta & Oxford). Fantasia, misterio e bruxería son ingredientes do libro de Agustín Agra, *Cazaría salvaxe* (Xerais), y tamén neste caso o heroe elixido é o designado para acabar coa tiranía que escraviza os seus paisanos.

Un tema sensible como é o deterioro que a enfermidade ocasiona nas persoas anciás, abordado Rafael Laso Lorenzo no libro *Memoria contra Alzheimer* (Xerais), cunha voz en primeira persoa que xoga asía particular partida de xadrez co esquecemento como contrincante. De igual maneira, tamén Francisco Castro inclínase por un tema sensible, *O ceo dos afogados* (Xerais), trata o tema do desenvolvemento sostible da Terra e a capacidade de comunicación entre os animais e os seres humanos. Ambientada na Galicia de comezos do século XIV, a novela de Ramón Carredano Cobas, *Veleno tinto* (Xerais), amósanosen acción a frei Samuel, un monxe vitalista e intuitivo que resolve un asasinato cometido no marco das loitas que a coroa e o bispo de Compostela mantíñan por aqueles días para facerse co poder.

Das numerosas traducións destacaremos algunas moi interesantes como é o caso do gran éxito de ventas e lectores, *O neno do pixama a raias* (Faktoría K de Libros) do escritor John Boyne. Ou tamén a versión galega do último libro da saga do neno mago ideado por J. K. Rowling, *Harry Potter e as reliquias da morte* (Galaxia). Outra saga,

PANORAMA




TAMBRE
ALA DELTA

Poemas
que me cantou
o grilo

Ana María Fernández



JON PUGA, SOPA DE MARSOPA, XERAIS, 2008.



COSTA OESTE

EDITORIAL GALAXIA

a escrita por Herbie Brennan sobre o mundo paralelo dos elfos, viu publicado o seu terceiro libro que se titula *O reino en perigo* (Xerais). Citaremos tamén a recuperación que a colección Xababal de Xerais fai de grandes clásicos como Michel Tournier —*Venres ou a vida salvaxe*— ou Xulio Verne —*A volta ao mundo en 80 días; Vixxe ao centro da Terra*—.

Outro gran clásico como é Edgar Allan Poe vén de ser editado por la editorial OQO; nunha coiddada edición e en versión de Paco Liván aparece o relato *Hop Frog*, con ilustracións de Alberto Vázquez.

Entre os autores doutras linguas do Estado, ultimamente apareceu en galego a novela de Gonzalo Moure, *A noite d'o Risón*, moi ben editada por Xerais e que ao interesante texto engade unhas excelentes ilustracións de Pere Ginard. O autor catalán Andreu Martín ve traducida ao galego a novela *A noite que Wendy aprendeu a voar* (Xerais), na que, esta vez con personaxe feminino, a moza policía protagoniza

nista, volve sobre os seus temas preferidos de delincuencia e investigación. Carmen Montalbán e Pilar Millán lévannos aos campos de refuxiados saharauís no libro *Estás na lúa* (Kalandraka), onde, tendo como marco a difícil situación que vive este pobo, narrasenos a especial relación da nena Baraka coa súa avoa Baía, unha vella que está empezando a perder a memoria e confunde na súa cabeza o pasado e o presente.

Acabaremos este panorama de actualidade falando de cómic. E en primeiro lugar citaremos un libro que acaba de sair: *A conta atrás. Parte I* (Faktoría K de Libros), unha moi interesante visión das consecuencias que para Galicia tivo o afundimento do barco *Prestige* e de como esta tragedia foi xestionada dende as instancias políticas e mediáticas. Con guión de Carlos Portela e debuxos de Sergi San Julián, a historia retrata a modo de *flash back* os acontecementos dun ano e vai facendo aparecer distintos personaxes que compoñen un mosaico humano de todos os que

tiveron algo que ver co suceso: políticos, periodistas, voluntarios, mariñeiros..., cunha posición moi crítica na que prácticamente ningún se salva da parte de culpabilidade que lle corresponde.

Un novo selo editorial de Santiago de Compostela, El Paitito Editorial, publica obra de autores que se popularizaron a través das páginas da recordada revista *Golfiño*. Eles son Fausto Isorna co seu álbum *Golfiño en portada*; Norberto, que recolle as aventuras xa coñecidas de *O Castelo Regadeira*, e Jacobo Fernández Serrano que publica o álbum *Aventuras de cacauéqui*, co que gañou o Premio Castelao de Banda deseñada 2007, promovido pola Deputación da Coruña.

Precisamente, este orixinal creador, Jacobo Fernández Serrano, publica na colección DB banda de Faktoría K de Libros, a recompilación das historias que o deron a coñecer na devandita revista *Golfiño*: *Os amigos de Archimboldo Roque*, achéganos os particulares personaxes que

configuran o extraordinario universo creativo deste artista.

Amesma Faktoría K de Libros editou nestes meses a tradución doutros cómics: *O boneco*, obra de M. Alzéal, que, unicamente con imaxes, sen o apoio de ningún texto, conta as historias paralelas dun boneco e do seu dono e amosa como o tempo vainos cambiando a os dous. Moi interesante pareceunos o álbum *Os cinco narradores de Bagdad*, obra dos franceses Fabien Vehlmann e David Gippini, que conta as aventuras de cinco personaxes que emprenden unha viaxe ábuscado mellor conto do mundo co fin de poder gañar o premio que ofrece o califa de Bagdad.

Terminamos así esta visión rápida y xeral do panorama editorial no último ano. Un panorama que, coidamos, ten máis luces que sombras e que sitúa a Galicia nunbo lugar dentro da literatura infantil e xuvenil que se fai no nos o entorno cultural, tanto polo número de títulos editados como pola calidade das edicións e o valor artístico e literario dos seus creadores. ■